

Algunhas construcións de infinitivo en latín e os seus resultados na lingua galega

Xosé Carracedo Fraga
Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO. Este traballo insiste na relación das construcións de acusativo con infinitivo coas estruturas de dobre acusativo Obxecto Directo, e en que só esa relación permite explicar apropiadamente as construcións correspondentes de nominativo con infinitivo. Coméntanse tamén os resultados que algúns usos do infinitivo en latín deixan na lingua galega.

Palabras clave: infinitivo, *accusativus cum infinitivo*, *nominativus cum infinitivo*.

ABSTRACT. This paper revisits the relationship between two structural patterns, accusative with infinitive and double accusative as DO, to insist that it is only through this relationship that corresponding nominative with infinitive patterns can be properly accounted for. Some structural patterns in Galician deriving from certain uses of the Latin infinitive are also commented on.

Keywords: infinitive, *accusativus cum infinitivo*, *nominativus cum infinitivo*.

1. Preliminares

Desde os primeiros textos escritos en latín hoxe conservados apreciamos que o infinitivo é unha forma verbal moi produtiva na lingua latina na elaboración do discurso escrito e, podemos deducir, tamén no discurso falado. O feito de que o infinitivo vaia desprovisto das categorías de persoa, de modo e mesmo de tempo no seu valor absoluto, permite unha flexibilidade de uso que o latín herda en parte da lingua nai indoeuropea, como o demostra a comparación con outras linguas da mesma rama (cf. Coleman 1994), pero que o latín soubo aproveitar e desenvolver de maneira destacada ao longo de toda a súa historia, deixando ademais importantes pegadas nas linguas románicas.

Data de recepción: 14.06.2007. Data de aceptación: 02.07.2007.

Tamén xa nos primeiros textos aos que me refería encontramos ao infinitivo funcionando nunha estrutura que se veu dar en chamar “*Accusativus cum Infinitivo*” (abreviado en adiante, como é habitual, AcI), é dicir, vemos ao infinitivo asociado ao caso acusativo dun substantivo ou dun pronome que coincide co que parece ser o “Suxeito” do predicado en infinitivo:

- (1) *Honc oino ploirume consentiont Romai
duonoro optumo fuisse uiro* (CIL I², 8, 9)¹.
“A maioría está de acordo en que en Roma
só este foi o mellor dos homes bos”.

Respecto a estes dous versos do epitafio do Lucio Cornelio Escipión que foi cónsul no ano 259 a. C., calquera gramática ao uso explicaría que aparece o infinitivo *fuisse* acompañado do acusativo *hunc unum* que é o seu Suxeito, e que así o demostra ademais a presenza do atributo *optimum* concertando en acusativo con ese Suxeito. Esa construción de AcI desde sempre motivou grande atención por parte dos estudosos, porque resulta estraño que a función sintáctica de Suxeito, que en latín vai asociada ao caso nominativo, apareza aquí unida ao acusativo. Imos revisar, pois, algúns feitos e algunhas posibles explicacións.

Para iso estimo oportuno antes que nada poñer en común o concepto dalgunhas funcións sintácticas coas que principalmente imos traballar (cf. Pinkster 1995: 16-19; Álvarez-Xove 2002: 70-73). Acostumamos chamar Obxecto Directo (OD) á función sintáctica do constituínte da oración esixible (“argumento” ou “actante”, segundo as escolas funcionalistas) por un verbo co valor semántico que tradicionalmente chamamos “transitividade” e que na lingua latina é identificable porque vai sempre asociado ao caso acusativo (pronominalizable, polo tanto, como *eum-eam-id*) e, sobre todo, porque na oración equivalente co verbo en voz pasiva aparece sempre recollido como Suxeito (SUX). Entendemos como Complemento Predicativo (CPvo) o constituínte (pode ser esixible ou non) que, por suposto, complementa ao Predicado, pero tamén a outro constituínte da súa mesma oración, xeralmente o SUX ou o OD, tal como a concordancia pon de manifesto. Por último, imos chamar Complemento (COMPL) ao constituínte tamén requirido polo verbo que non é identificable como algunha das outras funcións sintácticas obrigatorias (SUX, OD, OI= Obxecto Indirecto, ATR= Atributo, CPvo).

Por outra parte, debemos lembrar que a voz pasiva supón respecto a activa que o verbo perde unha das súas “posicións” ou “valencias”, é dicir, un dos complementos esixibles: anulase o constituínte que estaba funcionando como SUX na activa e pasa a ocupar esa posición o constituínte, se é o caso², que na activa funcionaba como OD. A voz pasiva supón, pois,

1 A transcripción en latín clásico sería: *Hunc unum plurimi consentiunt Romae / bonorum optimum fuisse uirorum.*
2 Lembremos que en latín cabe a posibilidade de utilizar a pasiva con verbos considerados “intransitivos”; entran eses usos dentro da chamada “pasiva impersonal”, que pode incluso ir acompañada dun complemento axente explícito (cf. Joffre 1995: 169-194): *ab hostibus constanter pugnabatur* (Caes. Gall. 3,25,1; “había combates constantemente por parte dos inimigos”). Nestes casos queda anulada na pasiva a posición de SUX, pero non pode ser substituída, loxicamente, pola posición de OD da correspondente construción activa.

a conversión en “intransitivo” de calquera verbo orixinariamente “transitivo” (cf. Touratier 1994: 172-180; Joffre 1995: 18-32). Evidentemente, se aceptamos que nunha lingua como o latín, como logo imos comentar, un verbo pode esixir dobre OD, é dicir (se se me permite), proxecta en dúas direccións a súa “transitividade”, evidentemente a voz pasiva só provoca que un deses quede eliminado e, por conseguinte, o outro consérvase como valencia do verbo. En todo caso, como asociamos tradicionalmente voz activa con transitividade e como precisamente acabamos de definir a función de OD desde a voz activa, se podemos establecer que hai verbos de dobre OD, cando eses verbos se utilizan en voz pasiva, entenderemos que o constituínte OD que non é recollido como SUX xa non pode ser considerado OD e, polo tanto, teremos que nomealo (ao menos, polo momento) coa función sintáctica comodín que acabamos de describir e chamar COMPL.

Considero tamén necesario como punto de partida retomar algunhas conclusións expostas nun traballo anterior sobre estruturas latinas de dobre acusativo (Carracedo 2002). Resaltabamos entón a posibilidade que ofrecen algúns verbos latinos de construírse con dous acusativos, xeralmente un denotando “persoa” e outro “cousa”, tal como se comproba nos dous exemplos seguintes:

- (2) *Hos ego... sententiam rogo* (Cic. *Catil.* 1,9).
 “A estes eu pídelles a súa opinión”.
 (3) *Mortem regis omnes celauit* (Liv. 40,56,11).
 “Ocultoulles a morte do rei a todos”.

A oración (2) pode ter como equivalentes co verbo en pasiva tanto a oración (4) como a (5), e o mesmo ocorre co exemplo (3) respecto aos exemplos (6) e (7):

- (4) *Rogatus sum sententiam* (Cic. *Dom.* 16).
 “Pídeseme a miña opinión”.
 (5) *De ea re nescio quid te a Montano rogatum* (Cic. *Att.* 12,52,1).
 “Sobre ese asunto non sei qué che foi pedido por Montano”.
 (6) *Nosne hoc celatos tam diu!* (Ter. *Hec.* 645).
 “¡Canto tempo se nos ocultou iso!”
 (7) *Quor haec... celata me sunt?* (Plaut. *Pseud.* 490-491).
 “¿Por que me foron ocultadas esas cousas?”

De acordo coas precisións sobre funcións sintácticas que fixemos máis arriba, debemos entender que os dous substantivos ou pronomes que acompañan en acusativo aos verbos *rogare* e *celare* en activa son dous OD, porque calquera deles pode ser recollido como SUX na correspondente versión en pasiva. Convén, non obstante, puntualizar que, cando co verbo en pasiva se expresan ambos complementos, os autores latinos utilizan como SUX maioritariamente o constituínte que denota “persoa”. E iso resulta en certa medida lóxico, porque é o protagonista “persoa” o que xeralmente se quere destacar desde o punto de vista pragmático no xogo semántico máis habitualmente asociado á correlación activa-pasiva: “axente-paciente”.

Hai tamén que sinalar que a lingua latina tende a evitar ambigüidades, diferenciando claramente funcións sintácticas e casos dentro da mesma oración. Para iso foi creando estruturas paralelas ás mencionadas de dobre acusativo, nas que o complemento de “cousa” xa non se expresa en acusativo, senón con outro caso que permita identificalo claramente como COMPL, xeralmente ablativo só ou acompañado de preposición. Pero non sempre é o constituínte “persoa” o que se mantén como OD, senón que nalgúns casos é o constituínte “cousa” o que conserva esa función e, en consecuencia, é o primeiro o que acaba desprazado para outra función sintáctica distinta; veremos exemplos concretos disto último ao longo deste traballo.

2. Algunhas construcións de infinitivo en latín

Unha vez establecidas estas premisas como marco da nosa análise, podemos xa abordar o debate sobre o infinitivo que agora nos ocupa. Supoño que do que veño de expoñer, facilmente se colixe que neste traballo vou insistir na xa antiga teoría de moitas gramáticas tradicionais (cf., por exemplo, Ernout 1989: 320-321) relativa a que as estruturas de infinitivo teñen unha gran relación coas construcións de dobre acusativo ou, se se prefire, de dobre OD.

2.1. Infinitivo con verbos impresivos de “orde” ou “mandato”

Sen dúbida o primeiro grupo de verbos cos que o que acabo de dicir parece máis evidente é o dos “verbos impresivos” que denotan “orde, mandato” ou “prohibición”, tales como: *iubere* “mandar”, *cogere* “obrigar”, *sinere* “permitir”, *prohibere* “prohibir”, *uetare* “impedir”, etc. Estes verbos son dos que esixen dobre complemento e xeralmente en latín “dobre acusativo”: un constituínte de “persoa ou cousa personificada” pronominalizable con *eum-eam*, que designa o “destinatario” directo da orde ou prohibición, e un constituínte de “cousa”, representable con *id*, co que se expresa o “tema” concreto desa orde ou prohibición³. É moi frecuente que este segundo complemento estea ocupado por un infinitivo:

- (8) *Caesar... milites ex oppido exire iussit* (Caes. Gall. 2,33,1).
“César mandou aos soldados saír da fortaleza”.
- (9) *Ab opere... legatos Caesar discedere... uetuerat* (Caes. Gall. 2,20,3).
“César impedira aos legados abandonar o traballo”.

Resulta manifesto que neses dous exemplos (8) e (9) o destinatario da orde coincide semanticamente co “axente” que debe realizar a orde en cuestión e podería entenderse, polo tanto, que é o SUX do predicado en infinitivo; teríamos entón no exemplo (8) un complemento OD único do Predicado principal, equivalente en tradución ao seguinte: “César man-

3 Refirome a oracións do tipo: *quicquid miseros Fortuna iubet* (Sen. Tro. 710-711: “todo o que aos desgraciados a Fortuna ordena”).

dou que os soldados saíran da fortaleza”. Sen embargo, que a lingua latina xoga case sempre para eses verbos coa estrutura de dous complementos sintacticamente autónomos entre si, parece quedar demostrado pola correspondente realización pasiva dos verbos en cuestión. Cando se expresa a persoa destinataria da orde, é o máis habitual que o substantivo ou pronome correspondentes aparezan como SUX en nominativo do verbo en pasiva e o infinitivo e os seus complementos permanezan iguais, salvo, loxicamente, os atributos ou complementos predicativos que remitan ao SUX que agora vai en nominativo, que deberán tamén pasar a ese caso por razón da concordancia. Este tipo de estruturas adoitan recollelas as gramáticas tradicionais baixo as rúbricas de “construcións persoais do infinitivo”, “construcións de infinitivo con pasiva persoal”, ou mellor *Nominativus cum infinitivo* (abreviado NcI); teremos que seguir falando destas estruturas a propósito doutro tipo de verbos que logo analizaremos.

Da correspondencia pasiva que acabo de mencionar debemos deducir que a unidade que designa a persoa é sempre OD na oración co verbo en activa e o infinitivo é outro segundo OD. Estes son os resultados:

- (10) *Iudices adesse iubentur postridie* (Cic. *Verr.* 2,2,41).
“Os xuíces reciben a orde de presentarse ao día seguinte”.
- (11) *Parentes prohibentur adire ad filios* (Cic. *Verr.* 2,5,117).
“Os pais reciben a prohibición de visitar aos fillos”.

Se por algunha razón non se quere expresar explicitamente o “destinatario-axente” da orde, podemos encontrarnos cunha oración na que se omite o complemento “persoa” e queda como único complemento OD o infinitivo (exemplo 12), que, polo tanto, na correspondente estrutura con verbo principal en voz pasiva aparecerá como SUX (exemplo 13):

- (12) *Vetat ratio intueri molestias* (Cic. *Tusc.* 3,33).
“A razón prohibe considerar os pesares”.
- (13) *Centum hos uersus... indulgentissimo imperatori... tradere est iussum* (Stat. *Silu.* 1,1,18-20).
“Ordenouse entregar estes cen versos ao moi benévolo emperador”.

Agora ben, os exemplos (12) e (13) lévannos a tomar en consideración outro aspecto importante relacionado cos verbos “impresivos”. A lóxica di que soamente sobre receptores co trazo [+humano], ou como mínimo co trazo [+animado], se pode actuar dándolles ordes ou facéndolles prohibicións, e, por conseguinte, unicamente palabras que teñan eses valores semánticos poden ocupar a posición do Argumento “destinatario” do verbo principal en cuestión e ao mesmo tempo “axente” que ten o control do significado polo verbo en infinitivo. Mais pode ocorrer que non se desexe expresar o “receptor-axente” da orde ou prohibición, senón que se queira facer fincapé simplemente na persoa ou cousa a propósito da cal se emite unha orde ou prohibición e no asunto concreto desa orde ou prohibición. Non se cumpre entón o requisito semántico de que o acusativo que aparece na oración sexa o “axente” do designado polo infi-

nitivo, ben porque ese infinitivo está en pasiva, ben porque o acusativo significa algo co trazo [-animado] (cf. Torrego 1987: 74-76). Sen embargo, tamén nestes casos a lingua latina quere seguir considerando xeralmente os verbos de “orde-prohibición” como verbos de dobre complemento, e continúa permitindo que o acusativo mencionado dependa directamente do verbo principal. Por iso as oracións (14) e (15) co verbo principal en voz activa, teñen como correspondentes co verbo principal en voz pasiva oracións como as dos exemplos (16) e (17), nas que o acusativo das primeiras aparece igualmente recollido como SUX en nominativo:

- (14) *In uincla te duci iubebo* (Liv. 6,15,6).
“Mandarei que ti sexas levado ao cárcere”.
- (15) *Caesar portas claudi... iussit* (Caes. Gall. 2,33,1).
“César mandou que as portas fosen pechadas”.
- (16) *Duae legiones scribi iussae* (Liv. 41,9,2).
“Deuse a orde de que dúas lexións fosen recrutadas”.
- (17) *Quadraginta maiores hostiae immolari iussae* (Liv. 37,52,3).
“Deuse a orde de que corenta vítimas maiores fosen inmoladas”.

Como acabo de explicar, a organización sintáctica dos verbos de “orde” nos exemplos (14) e (15) mantense igual coa estrutura de dobre complemento, pero evidentemente as relacións semánticas que se dan no interior da oración xa non son as mesmas. Agora o constituínte en acusativo non é o “receptor” que debe executar a orde, senón a “entidade” respecto á cal se emite a orde e que vai estar afectada por esta⁴. En consecuencia, é normal que nas oracións de “pasiva persoal” (16) e (17) o infinitivo vaia tamén en voz pasiva, evidenciando que a entidade afectada pola orde é o “paciente” da orde concreta expresada polo infinitivo. Se o infinitivo non aparece en voz pasiva, claramente se debe a que o emisor está convertendo en receptor da orde unha “cousa” entendida como “personificada”:

- (18) *Huic iubetur necessitati pietas uestra succurrere* (Ps. Quint. Decl. 5,11).
“O voso respecto [é dicir, “vós, respectuosos”] recibe a orde de axudar nesta necesidade”.
- (19) *Autumnus sterilis ferre iubetur hiems* (Mart. 8,68,10).
“O estéril inverno recibe a orde de producir igual que o outono”.

A miúdo sinálase (Torrego 1987: 75, 76 e 78; Lavency 2003: 113) que nunca se pode utilizar (mellor dito, que nunca utilizan os autores latinos conservados) a construción cha-

4 Permítaseme a ousadía de intentar reflectir o dobre complemento do que estou falando nunha tradución dos exemplos (14-17) certamente “forzada” en galego: “Respecto a ti, mandarei que sexas levado ao cárcere”, “No tocante ás portas, César mandou que fosen pechadas”, “Relativo ás lexións, deuse a orde de que fosen recrutadas dúas”, “Respecto ás vítimas, deuse a orde de que corenta maiores fosen inmoladas”. Estou recorrendo, como se pode apreciar, a un complemento etiquetado polas gramáticas normativas como “de referencia” ou “relativo”; precisamente baixo esa etiqueta semántica as gramáticas tradicionais recollen habitualmente o segundo acusativo de estruturas de “dobre acusativo” (cf. Ernout 1989: 27-29 e Carracedo 2002: 417).

mada de pasiva impersonal con verbos de orde-prohibición ou similares. Xa comentei antes que a “lóxica semántica” converte case en norma sintáctica que, cando se menciona expresamente o destinatario directo da orde, o constituínte persoa sexa sempre o recollido como paciente na realización pasiva. E acabamos de ver que, se non se indica o receptor da orde, mesmo o referente afectado por esa orde entra no xogo da pasiva. Así pois, soamente cando se quere destacar a orde, pero deixar totalmente indefinido ao destinatario que a debe executar, pode o autor utilizar unha “construción impersonal”, como ocorre no mencionado exemplo de Estacio (13) ou tamén nalgúns textos de carácter xudicial nos que interesa precisamente marcar a impersonalidade ou, se se quere, a xeneralidade da norma:

- (20) *Impuberem... adoptari aliquando prohibitum est, aliquando permissum est* (Gaius, *Inst.* 1,102).

“Algunhas veces prohibiuse adoptar un impúbere, outras veces permitiuse”⁵.

Respondendo á xa mencionada tendencia lingüística de diferenciar claramente funcións sintácticas e, polo tanto, casos na mesma oración, a lingua latina intentou asociar ao “destinatario” co caso máis propiamente relacionado con ese valor semántico, o dativo, e desprazar, en consecuencia, ese constituínte para a función sintáctica de OI, deixando, como OD o elemento *id* ou o infinitivo. Esa tendencia debía ser máis acusada na lingua coloquial e deixa precisamente os mellores exemplos en textos tardíos máis próximos á lingua falada (as traducións latinas da Biblia, por exemplo):

- (21) *Iussit centurioni custodire eum* (Vulg. *Act.* 24,23).

“Mandou ao centurión vixialo”.

- (22) *Discipulis... iubet conscendere nauem* (Iuuenc. 3,93).

“Manda aos discípulos subir ao barco”.

En todo caso, parece evidente que a regularización á que nos estamos referindo nunca chegou a ser definitiva, e por iso conservamos no galego (e noutras linguas románicas) a mesma vacilación á hora de atribuír función sintáctica ao “receptor” nas oracións con verbos de “orde”. O que si conserva moitas posibilidades de realización é o infinitivo, cando se menciona na súa mesma oración o “axente” que debe “controlar” o designado por ese infinitivo, independentemente de que ese constituínte “axente” (ou “posicionado”, “experimentador”, etc., dependendo do valor semántico do infinitivo) apareza funcionando sintacticamente como OI ou como OD do Predicado principal. Prefírese OI coa maioría dos verbos de “orde” ou “prohibición”, pero non queda excluído o OD con verbos como “mandar”, sobre todo se o verbo en infinitivo é intransitivo: “mandeino calar”, “mandeille calar” (cf. Álvarez-Xove 2002: 552-553).

5 Quizais poderíamos tamén traducir: “Respecto a un impúbere, algunhas veces prohibiuse a súa adopción, outras permitiuse”.

2.2. Infinitivo con verbos tipo *docere*

Manifestan un comportamento moi similar ao que acabo de describir no apartado anterior os verbos que significan “ensinar” ou “aconsellar” (tipo *docere* ou *admonere*). Coñecido é que esta clase de verbos aparece habitualmente nas gramáticas como modelo de Predicado que esixe “dobre acusativo” ao modo do xa comentado, un complemento xeralmente co trazo [+humano], ou cando menos [+animado], e outro da “cousa” que se ensina ou se aconsella, ambos os dous en acusativo. O “tema” que se ensina aparece expresado con frecuencia mediante un infinitivo e o “receptor” das ensinanzas coincide tamén co que debería ser o SUX do Predicado en infinitivo (exemplo 23). Cando o verbo principal aparece en forma pasiva é normal que, se se expresa, o “destinatario” das ensinanzas se recolla como SUX “paciente” (exemplo 24):

- (23) *Dionysius tondere filias suas docuit* (Cic. *Tusc.* 5,58).
 “Denís ensinou ás súas fillas a cortar o pelo”.
- (24) *Pueri... aequitatem defendere docentur* (Cic. *De orat.* 1,244).
 “Os rapaces reciben a ensinanza de defender a equidade”.

Para diferenciar os dous complementos en acusativo, o latín conservado nos textos dinos que se optou principalmente por converter claramente en COMPL o constituínte “cousa” mediante o recurso, sobre todo, a sintagmas preposicionais (cf. Carracedo 2002: 419). Iso é o que queda en galego en verbos como “instruír”. Tan só o verbo *docere* é utilizado con dativo de “persoa” nalgúns poucos textos cristiáns tardíos (cf. ThLL V, 1, 1733,62 e ss.), pero parece que a lingua coloquial optou tamén por situar na función sintáctica de OI ao “receptor” das ensinanzas ou dos consellos. Por iso a lingua galega regularizou o OI con verbos como “ensinar” ou “aconsellar”: “ensínolle a cantar”, “aconselleiche vir”⁶.

2.3. Infinitivo con verbos do campo semántico “acusar”

Tampouco en latín é moi distinta da que vimos explicando a organización sintáctica pola que se rexen os verbos do campo semántico “acusar”: *accusare*, *arguere*, *criminari*, *incusare*, *insimulare*, etc. A “entidade” acusada (xeralmente tamén co trazo [+humano]) aparece recollida nunha unidade en acusativo funcionando como OD do verbo en voz activa (exemplos 25 e 26), e, en consecuencia, na correspondente estrutura co verbo en voz pasiva pasa a ser o SUX en nominativo (exemplo 27). O asunto concreto da acusación preséntase igualmente cunha unidade en acusativo equivalente a *id* (exemplo 25) ou, en moitas ocasións, cun infinitivo (exemplo 26):

6 Algúns verbos próximos semanticamente aos que estamos considerando (por exemplo, “advertir”, “avisar”, etc.) conservan tamén a posibilidade de elección entre OD e OI para o constituínte “receptor”; cf. Álvarez-Xove 2002: 553.

- (25) *Egomet haec te arguo* (Plaut. *Men.* 940).
 “Eu mesmo te acuso disto”.
- (26) *Vt arguatis aliquem patrem occidisse* (Cic. *S.Rosc.* 57).
 “Que acusedes a alguén de ter matado ao seu pai”.

Sempre que aparecen simultaneamente os dous complementos, a lingua latina prefere escoller como “principal” OD o constituínte “persoa” e é ese constituínte, como acabo de dicir, o que entra no xogo da versión equivalente en pasiva:

- (27) *Occidisse patrem Sex. Roscius arguitur* (Cic. *S.Rosc.* 37).
 “Sexto Roscio foi acusado de ter matado ao seu pai”.

Así pois, o complemento “cousa” tende a especializarse como COMPL asociado aos casos xenitivo e ablativo, este último frecuentemente con preposición, tal como xa se comproba en textos literarios de época clásica⁷. Con esta estrutura, que diferencia claramente as funcións sintácticas, é coa que pasan ás linguas románicas os verbos “acusar” e similares, permitindo igualmente, por suposto, o uso do infinitivo introducido pola correspondente preposición.

2.4. Infinitivo con verbos de percepción

Tamén poden ser facilmente interpretados como verbos que admiten dobre complemento, ao modo do que ata aquí levamos analizado, os verbos que significan “percepción”, ou *verba sentiendi* segundo os gramáticos antigos. Refírome a verbos como: *sentire* “sentir”, *uidere* “ver”, *audire* “oír”, etc. Poñamos un exemplo:

- (28) *Roscium saepe audio dicere...* (Cic. *De orat.* 1,132).
 “Escoito a miúdo a Roscio dicir...”

Nada impide entender que o acusativo *Roscium* por un lado e o infinitivo *dicere* por outro son dous complementos do verbo *audio* autónomos entre si sintacticamente, que recollen respectivamente, igual que vimos noutros casos, o “individuo” que se percibe e a “cousa” que se percibe dese individuo. Tamén é evidente que a entidade *Roscium* coincide co “axente” da acción *dicere*. Pero, en cambio, as relacións semánticas entre cada un dos dous complementos e o verbo principal xa non son exactamente iguais que as que expliquei para os verbos antes comentados: o infinitivo segue expresando o “tema” ou “asunto” que se percibe, pero o constituínte en acusativo xa non designa o “receptor” do verbo principal, senón a “entidade”

⁷ *Si quis quem furti arguat* (*Rhet.Her.* 2,41: “Se alguén acusa a alguén de roubo”); *Te hoc crimine non arguo* (Cic. *Verr.* 6,46: “Non te acuso deste crime”); *De eo crimine, quo de arguatur* (Cic. *Inu.* 2,37: “Sobre ese crime do que é acusado”).

obxecto da percepción; tal entidade pode responder, por suposto, ao trazo [+/-humano] e ao trazo [+/-animado]. Dito doutra maneira, a este segundo complemento poderíamos definilo como “tema 1: entidade”, e ao primeiro como “tema 2: estado de cousas”. Esta distinta relación semántica co Predicado da súa oración e, ao mesmo tempo, a proximidade semántica entre os dous complementos respecto a ese Predicado son os elementos que dificultan, quizais, que poidamos entender con claridade os verbos de “percepción” como rexentes de dobre complemento, de forma análoga, por exemplo, aos verbos de “orde”⁸ ou de “ensinar”.

Pero de novo o xogo coa pasiva vén demostrarnos que realmente se deben considerar así. O acusativo *Roscium* pode aparecer recollido como SUX paciente na oración co verbo en pasiva: *Roscius auditur dicere*. Tamén é común en latín a estrutura *Roscius auditur dicere*, na que se supón que é o infinitivo o que ocupa a función de SUX de *auditur*. Fronte ao que comentabamos para outros verbos, que é o constituínte “destinatario” coa voz activa o que se promove case sempre a SUX coa voz pasiva, agora temos que calquera dos dous complementos poden aparecer case indistintamente como SUX do verbo pasivo (e o mesmo encontraremos no caso dos verbos declarativos, que un pouco máis adiante revisaremos). Parece que o feito de que ambos complementos, que nós cualificamos semanticamente por igual como “tema”, estean aparentemente ao mesmo nivel xerárquico, permite ao emisor elixir a cal dos dous quere darlle preponderancia comunicativa, cando recorre á voz pasiva. As gramáticas descritivas constatan que hai verbos cos que se utiliza con máis frecuencia unha ou outra posibilidade dependendo da época do texto ou do autor concreto, ou que, por exemplo, nalgúns casos téndese a utilizar moi pouco o xiro impersonal cando o verbo principal está nun tempo de *infectum* e a utilízalo algo máis cando o verbo introdutor está nun tempo de *perfectum*⁹.

Unha vez máis se nos presenta, entón, a seguinte pregunta: ¿se é o infinitivo o que se promove a SUX do verbo de percepción en pasiva o constituínte que permanece en acusativo é realmente o SUX do infinitivo dentro dunha estrutura de AcI, ou segue sendo un complemento autónomo do verbo principal? A resposta terá que ser a mesma que para os verbos de “ordenar”, “ensinar”, “acusar”; tanto na oración de verbo activo como na de verbo pasivo os dous complementos dependen directamente do verbo principal, aínda que é evidente que tamén están relacionados semanticamente entre si e que esa relación semántica se marca sintacticamente mediante a concordancia, cando é procedente.

Tampouco se poden pasar por alto as particulares connotacións semánticas de cada un dos verbos que incluímos no campo semántico da “percepción”. Así, por exemplo, o verbo “ver” implica sempre no seu significado primario (isto é, sen tomar en consideración valores como “darse conta”, “apreciar”, “entender”, etc.) unha percepción directa, é dicir, que un ve ao mesmo tempo unha entidade e o que esta fai; é máis fácil, pois, apreciar na análise do

8 Pero non perdamos de vista o que comentei máis arriba sobre a posibilidade que teñen tamén os verbos de orde de construírse con dous complementos coas funcións semánticas respectivas de “tema 1: entidade” e “tema 2: estado de cousas”.

9 Cf. Bennet 1966: 2, 388-389; Ernout-Thomas 1989: 327-328; Lavency 2003: 175-177.

discurso o dobre complemento. Un verbo como “oír”, en cambio, pode significar tanto esa mesma percepción directa, como a percepción dunha noticia que nos chega referida a alguén ou a algo. En latín tamén neste último caso non queda dúbida sobre o dobre complemento, e así se pon de manifesto nas posibilidades de realización cando o verbo principal se conxuga en pasiva: xa non é o individuo concreto o que se escoita, pero si o seu nome asociado á noticia que chega aos oídos. Encóntranse nos textos latinos, pois, exemplos como calquera dos dous seguintes:

- (29) *Caesar a Gergouia discessisse audiebatur* (Caes. Gall. 7,59,1).
“Circulaba a noticia de que César se marchara de Xergovia”.
- (30) *Tarquinius esse in exercitu Latinorum auditum est* (Liv. 2,19,4).
“Chegou a noticia de que os Tarquinius estaban no exército dos latinos”¹⁰.

Algúns estudosos (Torrego 1987: 78-81; Lavency 2003: 151-152 e 179-182) prefiren ver nos usos destes verbos de percepción (e tamén nos declarativos, como un pouco máis adiante imos considerar) unha estrutura sintáctica de OD mais CPvo do OD, e isto sería, na súa teoría, o que xustifica que na realización pasiva haxa moita máis liberdade na elección do SUX que cos verbos de “orde”, “prohibición” ou similares. Constatan ademais que os verbos que admiten a estrutura NcI tamén admiten regularmente un substantivo ou un adxectivo funcionando como CPvo¹¹. Segundo esa interpretación *uideo te uenire* (“véxote chegar”) sería analizable, desde o punto de vista da sintaxe, en paralelo con *uideo te uenientem* (“véxote chegando”) ou con *uideo te lassum* (“véxote cansado”). É opinión xeral, iso si, que as dúas primeiras expresións non son semanticamente idénticas, aínda que sintacticamente poidan ser asimilables, como xa o constatan as propias gramáticas tradicionais (cf. Ernout 1989: 282-283, e Pinkster 1995: 167-168). Estimo, sen embargo, que tampouco cabe interpretar que son a mesma estrutura sintáctica, porque, como acabamos de comprobar, calquera dos dous complementos da primeira oración pode realizarse como SUX co verbo en pasiva, e iso non sucede no caso das dúas últimas oracións. Pero volverei sobre esta cuestión, cando trate dos verbos declarativos.

Na lingua galega os verbos de percepción, cando de percepción exclusivamente “sensorial” e “directa” se trata¹², conservan o mesmo esquema de dobre complemento: “sintote che-

10 Volvo de novo a solucións atrevidas, para tratar de facer máis evidente na tradución o que intentamos explicar na lingua de orixe: “César era obxecto dunha noticia relativa a que marchara de Xergovia”; “Sobre os Tarquinius chegou a noticia de que estaban no exército dos latinos”.

11 Segundo a teoría de Lavency (2003: 173-183), este é un argumento máis para entender que só con verbos declarativos e de percepción se pode falar con propiedade de NcI.

12 Refírome a que en galego tampouco é o mesmo dicir “véxote xogar” e “vexo que xogas”. No primeiro caso exprésase unha percepción sensorial e directa de “ver”; no segundo, en cambio, a percepción é de carácter “intelectual”, máis ou menos equivalente a “doume conta”. Resulta interesante a descrición do comportamento análogo do portugués con verbos de “percepción” que ofrece (desde unha perspectiva transformacional) Perini 1977: 48-59.

gar”, “véxote xogar”, “óíote berrar”, etc. Mesmo, aínda que o galego é pouco dado ao uso da pasiva, non resultaría agramatical dicir: “foron vistos asaltar un banco”. A igualdade sintáctica e semántica entre os dous complementos foi tal vez unha razón que axudou a que con este tipo de verbos non se evolucionase como noutros casos cara a unha distinción clara de funcións.

2.5. Infinitivo con verbos declarativos

Mais se hai un tipo de verbos especialmente asociado ao infinitivo en latín, ese é o dos verbos “declarativos”, ou *verba dicendi* segundo os gramáticos da Antigüidade. Falamos de verbos como: *dicere* “dicir”, *nuntiare* “anunciar”, *scribere* “escribir”, etc.; pero tamén se asimilar a eses verbos outros verbos relacionados con capacidades intelectuais: *scire* “saber”, *ignorare* “descoñecer”, *credere* “creer”, *putare* “pensar”, etc. Son verbos que admiten con moita frecuencia as estruturas de Acl ou de Ncl, pero resulta máis difícil entender que sirva a mesma interpretación que para os verbos que ata agora estivemos analizando (cf. Bolkestein 1976a e 1976b, e Touratier 1994: 565-566), principalmente por dúas razóns (cf. Torrego 1987: 76): non se ve claro que poidan considerarse verbos que rexen dobre OD, e admiten con moita máis liberdade a coexistencia da construción persoal coa impersoal.

Certamente, na historia conservada do latín parece que os verbos declarativos, singularmente *dicere*, esixen principalmente un OD representable por *id*, é dicir, que recolle o asunto que se declara, e poden levar tamén un OI: *id tibi dico*. Afirmase ademais algunhas veces (cf. Bolkestein 1976a: 272) que, cando menos xa en época clásica, estes verbos non poden levar nunca OD de persoa e, polo tanto, non son correctos exemplos como: **te dico*. Sabemos, sen embargo, que non é certa tal afirmación (cf. Sánchez Salor 1983: 333; Torrego 1987: 77); aínda que non é o seu uso (semántico) máis frecuente, o verbo *dicere* pode construírse cun único OD de “persoa” ou, se se quere, cun complemento co valor semántico de “tema: entidade”:

- (31) *Herodotum dico et Thucydiden* (Cic. *Orat.* 219).
 “Falo de Heródoto e de Tucídides”.
 (32) *Quos paulo ante diximus* (Cic. *Brut.* 32).
 “Dos que falamos pouco antes”.

Conserva, pois, o verbo *dicere* (dados os seus varios matices semánticos) a posibilidade dun Argumento de “persoa”, que eu trato de recoller na tradución recorrendo a un valor semántico do verbo que permita máis facilmente introducir unha función argumental como é a de COMPL. Mais, debemos recoñecer que o habitual é que o marco predicativo do verbo se complete con outro constituínte argumental que permita introducir “aquilo que se di da entidade mencionada”, é dicir, (igual que expuxemos no caso dos verbos de percepción) un segundo constituínte coa función semántica de “tema: estado de cousas”. Este segundo constituínte é xeralmente en latín un infinitivo:

- (33) *Ego haec omnia Chrysogonum fecisse dico* (Cic. *SRosc.* 127).
 “Eu digo que Crisógono fixo todo isto”¹³.

Desde os primeiros textos literarios conservados en latín temos documentado que, se o verbo *dicere* aparece en pasiva, é moi frecuente que se utilice a chamada “construción persoal” (exemplos 34 e 35) ou, o que é o mesmo, a estrutura NcI (cf. Bennet 1966: 2, 388-389); ¿enténdese, pois, que o constituínte “tema: entidade” se ve como OD coa voz activa non vinculado directamente co infinitivo? Pero tamén desde os primeiros textos encontramos alternando ás veces a “construción impersoal” (exemplos 36 e 37); ¿dedúcese, entón, que o infinitivo é igualmente OD do verbo en activa?:

- (34) *Aristaeus inuentor olei esse dicitur* (Cic. *Verr.* 2,4,128).
 “De Aristeo dise que é o inventor do aceite”.
- (35) *Homerus etiam fuisse ante hanc urbem conditam traditur* (Cic. *Tusc.* 5, 7).
 “De Homero cóntase tamén que viviu antes da fundación desta cidade”.
- (36) *Dicitur eo tempore matrem Pausaniae uixisse* (Nep. *Vit.* 4,5,3).
 “Dise que naquel tempo viviu a nai de Pausanias”.
- (37) *Traditum est etiam Homerum caecum fuisse* (Cic. *Tusc.* 5,114).
 “Cóntase tamén que Homero era cego”.

De novo as correspondencias coas estruturas co verbo principal en pasiva, nas que pode ser promovido a SUX tanto o constituínte “acusativo” como o “infinitivo”, deben inducirnos a estimar que os dous elementos son realmente complementos inmediatos e autónomos do verbo principal¹⁴.

A coexistencia das construcións “persoal” e “impersoal” cunha distribución de uso bastante libre, tratan de explicala algúns, como xa sinalabamos antes (Torrego 1987: 78-81; Lavency 2003: 179-182), relacionando os verbos en cuestión, non coa estrutura de dobre OD, senón coa posibilidade deses verbos de admitir a estrutura de OD e CPvo do OD: *te bonum dico*. A oración correspondente en pasiva sería: *tu bonus diceris*. Por conseguinte, o infinitivo viría a xogar o mesmo papel do CPvo e por “analogía” (fálase de “contaminación estrutural”) acaba “prestándose” á construción persoal coa mesma liberdade. Paréceme, non obstante, que esta explicación non permite aclarar, cando menos, dúas cuestións:

1^a) Se o infinitivo é realmente un CPvo, ¿por que o infinitivo tamén pode ser promovido a SUX na oración pasiva quedando o acusativo invariado?

2^a) ¿Por que desde os primeiros textos latinos xa está funcionando perfectamente a construción persoal, ata o punto de que é a máis frecuente co verbo *dicere*?

13 Recorrendo de novo a unha tradución forzada que recolla o que intento explicar, escribiríamos: “Eu digo de Crisógono que fixo todo isto”.

14 Unha situación similar dáse tamén na lingua grega antiga e as explicacións poden ser semellantes; cf. Jacquiod 1989: 144-157.

Considero, pois, que é máis apropiado resaltar as coincidencias cos verbos antes explicados, para os que a estrutura de dobre OD non parece admitir discusión, e buscar as explicacións nesa dirección. É innegable que para os verbos declarativos (e tamén para os de percepción) se constata nos textos latinos máis liberdade no uso alternativo de “pasiva persoal” e “pasiva impersoal”, respondendo, sen dúbida, ás intencións pragmáticas ou comunicativas do emisor¹⁵. Pero quizais a razón desta liberdade hai que buscala, como dicía, na distinta relación semántica dos complementos respecto ao verbo principal: xa o constituínte en acusativo está ao mesmo nivel semántico do infinitivo e, polo tanto, o factor que induce a dar “primacía” ao acusativo de “persoa” cos verbos de “orde”, “ensinanza”, “acusación”, non resulta aquí tan determinante.

Sinálase igualmente (por exemplo, Lavency 2003: 175-177) que non todos os verbos da familia semántica amosan nos inicios documentados do latín a mesma facilidade ou frecuencia de uso coa estrutura NcI, pero que co paso do tempo cada vez se vai facendo máis habitual esa estrutura e se vai estendendo a máis verbos. Penso que tal vez niso tivo algo que ver que non todos os verbos declarativos eran en principio entendidos coa mesma posibilidade que *dicere* de rexer dobre complemento, pero que despois a influencia analóxica de *dicere* acabou contaxiando aos demais verbos da familia.

Tamén se argumenta (Bolkestein 1998: 204-205; Lavency 2003: 178) que o uso de NcI exclúe totalmente a presenza de Complemento Axente e que iso demostra que estamos ante un uso particular da voz pasiva. Certo é que con calquera dos verbos que levamos analizado, que admiten NcI, a presenza de Complemento Axente é moi rara. Pódese acabar deducindo dese feito, que con estas estruturas pasivas o que se está tratando de destacar na comunicación non é precisamente o “axente” senón outros elementos do discurso. Podemos mesmo asegurar que realmente o que se busca na maioría dos casos é deixar indefinido o “axente”, porque, se o emisor estima que este é importante, o que fai é utilizar a voz activa.

E isto que estamos dicindo é moito máis evidente cos verbos declarativos e cos de percepción e entendemento. O uso da pasiva con tales verbos acaba levando asociado o valor semántico de presentar como indeterminada ou como xeral a entidade que declara, percibe ou entende. Pero se algún escritor quere contravir unha norma que parece establecida polo uso, nada llo impide e por iso podemos ler tamén algún exemplo como o seguinte¹⁶:

- (38) *Multiplex caedes utrimque facta traditur ab aliis* (Liv. 22,7,3).
 “Moita matanza se produciu por ambas partes, contan outros”.

Como verbos que son moi usados en calquera nivel da comunicación, tamén por suposto na oral, os verbos declarativos foron, sen dúbida, dos que primeiro e máis intensamente sopor-

15 Nisto insiste acertadamente Torrego 1987: 82-83.

16 No exemplo que cito a indeterminación da procedencia da noticia vén dada polo propio pronome indefinido *aliis*, pero ao mesmo tempo o que se presenta en principio como unha noticia de orixe indefinido, queda finalmente en parte restrinxida pola presenza do Complemento Axente.

taron na lingua falada que o infinitivo recibise a competencia de estruturas analíticas máis claras desde o punto de vista sintáctico e semántico, baseadas no uso de conxuncións e verbos en forma persoal. Incluso queda documentado o proceso nos textos escritos de diversas épocas, especialmente naqueles máis próximos á lingua falada (cf. Serbat 2003: 639-644):

(39) *Scio iam filius quod amet meus / istanc meretricem* (Plaut. *Asin.* 52-53).

“Xa sei que o meu fillo está namorado desa prostituta”.

(40) *Scis quod epulum dedi* (Petron. 71,9).

“Sabes que dei un banquete”.

A subordinación introducida con *quod* ou con *quia* acabou triunfando, e por iso nas linguas románicas como o galego, o uso do infinitivo con verbos declarativos foi substituído pola subordinación con *que* (cf. Hermann 1989; Lavency 2003: 185-187; Serbat 2003: 745-746).

2.6. Infinitivo con verbos desiderativos

Quero, por último, referirme brevemente aos verbos de “vontade” que designan “un desexo” do suxeito. Adoitan construírse en latín con subordinación completiva introducida por *ut* ou *ne*. Hai, de todas formas, algúns verbos que permiten a alternancia da construción de infinitivo: especialmente *uelle* “querer” e os seus derivados *nolle* “non querer” e *malle* “preferir”, pero tamén *cupere* “desexar”, *sperare* “esperar”, etc. Estamos, pois, ante un grupo de verbos de expresión da vontade, igual que no caso dos antes estudados de “mandar” ou “prohibir”, pero presentan respecto a estes unhas diferenzas derivadas da súa semántica que convén destacar.

En primeiro lugar, a “vontade” do suxeito pode abranguer agora a propia persoa dese suxeito exactamente igual que calquera outra. Iso supón que moitas veces o SUX do predicado principal é tamén o SUX do predicado subordinado: **me uenire iubeo* (“*mándome vir”) é unha oración ilóxica; oracións como *me uenire uolo* (“quero vir”) son moi frecuentes. Esa coincidencia de suxeitos (“construción concertada” lle chaman algunhas gramáticas tradicionais) permite tamén en galego conservar a estrutura de infinitivo: “quero comer”, “desexas volver”, “espera escapar”.

En segundo lugar, intentei amosar anteriormente que os verbos de “orde-prohibición” esixen tres “valencias”: ademais do SUX, un dobre complemento, de “destinatario” (acusativo de persoa) e de “tema” (acusativo *id* ou infinitivo). Os verbos de “desexo”, en cambio, parecen en principio só de dúas “valencias”: un SUX máis un OD que recolle aquilo que se desexa; este último complemento pode estar ocupado, por suposto, por un substantivo ou por un pronome, que poden ter o valor [+animado] ou [-animado]:

(41) *Nunc quid uis?* (Plaut. *Aul.* 780).

“¿Agora que queres?”

(42) *Libane, te uolo* (Plaut. *Asin.* 639).

“Libano, a ti te quero”.

Agora ben, cando se utiliza só con complemento co trazo semántico [+animado], como no exemplo (42), tense a sensación de que realmente se está silenciando “aquilo” polo que ou para que queremos a entidade mencionada, de forma parecida ao que comentabamos antes para os verbos de “lingua”. O máis habitual é, pois, que expresemos tamén que queremos desa entidade e que iso se concrete nun “estado de cousas”, é dicir, cun verbo que signifique o que desexamos que esa entidade “realice” (exemplo 43). ¿Nestes casos encontramos o verbo principal funcionando sintacticamente cos dous complementos á vez? Un non pode deixar de pensar en estruturas paralelas do chamado “acusativo proleptico” (exemplo 44), nas que o complemento en acusativo e a subordinada que expresa o “estado de cousas” quedan claramente diferenciados (cf. Sznajder 2003: 47-51; Lavency 2003: 130-131):

- (43) *Nunc ego te facere hoc uolo* (Plaut. *Bacch.* 93).
 “Agora eu quero que ti fagas isto”.
- (44) *Simonem mihi obuiam ueniat uelim* (Plaut. *Pseud.* 1061).
 “Querería que Simón se encontrase comigo”¹⁷.

Con estes verbos que estamos analizando non encontramos nos textos latinos exemplos equivalentes co verbo principal en forma pasiva, que nos permitan facer comparacións cos modelos comentados anteriormente para outros verbos, e nos permitan, polo tanto, extraer conclusións das relacións entre estruturas de activa e de pasiva. A razón diso é evidente: nin *uelle* nin os seus derivados teñen en latín voz pasiva, e os outros verbos asimilables, quizais por paralelismo con aquel, moi rara vez son utilizados en voz pasiva.

3. Conclusións

Despois deste breve percorrido polos feitos, podemos insistir nalgunhas conclusións xa coñecidas:

I^a) A estrutura AcI está certamente relacionada coas construcións de dobre acusativo OD¹⁸. Iso é o que permite explicar que apareza un acusativo asociado a unha forma verbal non finita como é o infinitivo, e o que permite explicar as estruturas correspondentes de NcI. O feito de que o referente en acusativo coincida co que sería o Suxeito real do expresado polo infinitivo motiva que ese acusativo se acabe entendendo (por un proceso de “reanálise sintáctica”, como moi ben explica Rodríguez Espiñeira, 1985) dentro da órbita sintáctica do infinitivo, e que o latín, como o grego antigo, acabe fixando o caso acusativo como unha marca distintiva do Suxeito dos Predicados en infinitivo.

17 Recollamos o que estamos explicando, unha vez máis, en forzada tradución: “Agora eu de ti quero que fagas isto”, e “Querería de Simón que se encontrase comigo”.

18 Véxase unha explicación similar para o grego antigo en Ruijgh 1999, especialmente pp. 228-229.

2ª) A construción NcI xustifícase sintacticamente porque na correspondente estrutura co verbo principal en voz activa o acusativo é OD¹⁹. E iso é así tanto para os verbos claramente de dobre OD como para o verbo *dicere*, que xa desde os primeiros textos latinos funciona regularmente na chamada pasiva persoal. A influencia analóxica de *dicere* provoca que a estrutura NcI se estenda no latín clásico e posclásico a case todos os verbos declarativos.

3ª) O carácter indefinido do infinitivo converte esta forma verbal nun comodín comunicativo moi práctico; por iso non resulta estraño que, asociado ademais ao acusativo como marca distintiva, acadara no latín literario un desenvolvemento extraordinario. Sen embargo, a mesma flexibilidade comunicativa que permite a ausencia de marcas específicas de persoa e incluso de modo e de tempo absoluto, convértese moitas veces en ambigüidade que trata de evitar, sobre todo, o latín coloquial. De aí que moitos usos latinos do infinitivo acaben sendo desprazados por estruturas analíticas baseadas no uso das conxuncións *quod* e *quia* con verbos en formas persoais, estruturas moito máis claras sintáctica e semanticamente, porque garanten unha mellor e máis rápida identificación das variables de persoa, modo e tempo. É probable que nese cambio tivese tamén moito que ver a desaparición da flexión casual e, por conseguinte, a perda do carácter distintivo que supoñía a asociación do acusativo co infinitivo.

Bibliografía

- Álvarez, R.-Xove, X. (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia.
- Bennett, Ch. E. (1966): *Syntax of Early Latin*, 2 vols., Hildesheim: Georg Olms (reimpr. da ed. de Boston, Allyn and Bacon, 1910-1914).
- Bodelot, C. (2000): *Espaces fonctionnels de la subordination complétive en latin. Étude morpho-syntaxique et sémantico-énonciative*, Louvain-Paris: Peeters.
- Bodelot, C. (ed.) (2003), *Les propositions complétives en Latin*, Louvain-Paris: Peeters.
- Bolkestein, A. M. (1976a): “A. c. I.- and *ut*-Clauses with *verba dicendi* in Latin”, *Glotta* 54, pp. 263-291.
- Bolkestein, A. M. (1976b): “The Relation between Form and Meaning of Latin Subordinate Clauses Governed by *verba dicendi*”, *Mnemosyne* 29, pp. 55-175 e 268-300.
- Bolkestein, A. M. (1979): “Subject-to-Object Raising in Latin?”, *Lingua* 48, pp. 15-34.
- Bolkestein, A. M. (1998): “What to do with Topic and Focus?”, en M. Hannay-A. M. Bolkestein (eds.): *Functional Grammar and Verbal Interaction*, Amsterdam-Philadelphia: Benjamins, pp. 193-214.
- Carracedo Fraga, J. (2002), “Sobre as construcións de dobre acusativo en latín e cuestións conexas”, en R. Lorenzo (coord.): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 413-424.

19 Parece pouco clara e convincente a explicación que intenta ofrecer Joffre (1995: 143-151) para estas estruturas de “pasiva persoal”, xa que a estudiosa francesa fala de “relativa rareza” desas estruturas (?), de que obedecen a unha forma de organización sintáctica e semántica “máis relaxada”, ou de que demostran a “autonomía e orixinalidade” da construción pasiva en relación coa construción activa transitiva.

- Coleman, R. (1994), "The Indo-European Origins and Latin Development of the Accusative with Infinitive Construction", en Ch. Touratier (ed.): *Syntaxe et Latin*, Aix-en-Provence: Univ. de Provence, pp. 307-342.
- Ernout, A.-Thomas, F. (1989): *Syntaxe Latine*, Paris: Klincksieck (reimpr. da 2^a ed. de 1953).
- Fruyt, M. (1996), "The Development of the Infinitive in Late Latin", en *Proceedings of the Twelfth International Conference on Patristic Studies*, Louvain-Paris: Peeters, pp. 468-475.
- Hermann, J. (1989), "*Accusativus cum Infinitivo* et subordonnée à *quod, quia* en Latin tardif. Nouvelles remarques sur un vieux problème", en G. Calboli (ed.), *Subordination and Other Topics in Latin*, Amsterdam-Philadelphia: John Benjamins, pp. 133-152.
- Jacquiod, B. (1989): *Le double accusatif en Grec d'Homère à la fin du Ve siècle avant J.-C.*, Louvain-la-Neuve: Peeters.
- Joffre, M.-J. (1995): *Le verbe Latin: voix et diathèse*, Louvain-Paris: Peeters.
- Lavency, M. (2003), "La proposition infinitive (A.c.I.)", en C. Bodelot (2003), pp. 97-192.
- Perini, M. A. (1977), *Gramática do infinitivo português*, Petrópolis: Vozes.
- Pinkster, H. (1995), *Sintaxis y semántica del latín*, trad. M. E. Torrego-J. de la Villa, Madrid: Ediciones Clásicas.
- Rodríguez Espiñeira, M^a. J. (1985): "Un ejemplo de reanálisis sintáctico: la construcción latina de *Accusativus cum infinitivo*", *Verba* 12, pp. 61-105.
- Ruijgh, C. J. (1999), "Sur l'emploi complétif de l'infinitif grec", en B. Jacquiod (ed.) (1999), *Les Complétives en Grec Ancien*, Université de Saint-Etienne, pp. 215-231.
- Sánchez Salor, E. (1983): "Intento de explicación de la pasiva personal en latín", *Emerita* 51, pp. 323-344.
- Serbat, G. (2003), "Les complétives en *quod*", en C. Bodelot (2003), pp. 528-753.
- Sznajder, L. (2003), "Les complétives au subjonctif sans conjoncteur", en C. Bodelot (2003), pp. 13-95. ThLL= *Thesaurus Linguae Latinae*.
- Torrego, M. E. (1986): "The System of Substantive Clauses as Complement in Classical Latin", *Glotta* 64, pp. 66-83.
- Torrego, M. E. (1987): "Las construcciones pasivas de nominativo con infinitivo en latín clásico: estudio sintáctico", *Emerita* 55, pp. 71-84.
- Touratier, Ch. (1994), *Syntaxe Latine*, Louvain-la-Neuve: Peeters.
- Wales, M. L. (1982): "Another Look at the Latin Accusative and Infinitive", *Lingua* 56, pp. 127-152.